



# Informa

Sindicato de Traballadoras e  
Traballadores do Ensino de Galicia  
Febreiro 2004

## Quen defende o ensino público?

DOG Xoves, 6 Novembro 2003 (páx. 13.699)


“Co obxectivo de mellorar a situación dos centros docentes privados concertados/subvencionados, continúaase o proceso de homologación salarial, ampliación dos equipos docentes e incrementase o

concepto “outros gastos”.

A Consellaría de Educación e O.U. e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da C.A. de Galicia adoptan o seguinte acordo.”... segue na páx. 2

Por resolución do 30 de outubro de 2003, e citamos textualmente o DOG, “declárase que é intención da Xunta de Galicia emprender unha serie de medidas tendentes a mellorar a situación dos centros privados concertados, tanto no que ás retribucións do profesorado se refire como no incremento progresivo dos equipos docentes. Ademais, engádesse que é intención da Xunta de Galicia que a analogía retributiva se acade no ano 2005, exceptuando o complemento específico por formación permanente dos funcionarios de carreira docentes, e co obxectivo de mellorar a calidade do ensino, considérase necesaria unha mellora dos equipos docentes, sendo intención da Xunta de Galicia aproximarse progresivamente ás propostas presentadas polas organizacións patronais e sindicais, de tal xeito que se produciría a devandita aproximación no ano 2007.”

É dicir, que as organizacións patronais e sindicais, polo visto, querían que a Xunta investise aínda máis no ensino concertado. Estamos ben... Páx.2



### Cara a onde nos levan... a política privatizadora da Xunta

Collamos os catálogos de primaria (DOG do 27 de xuño), e comparémoslos coas ordes saídas no 1º trimestre deste ano. ¿Sorprendente?.

Páx. 3

### Negociación dun novo sistema de acceso?

O MECD fai oídos xordos ás demandas do profesorado interino

Nin é novo nin se negociou nada, o Ministerio non mudou un ápice a súa proposta.

### Esquema do proxecto do novo sistema de acceso

Novo sistema de acceso docente. Cadro resumo do Real Decreto que o MECD quere aprobar neste mes.

### AS OPOSICIÓN SORPRESA !!

As últimas novas son que as oposicións 2004 se van rexer polo novo decreto (aínda sen publicar) pero cos temarios antigos, (desaparecendo o exame da parte B).

### Algunha reflexións sobre os concertos

Páx. 2

Coas políticas educativas que se están a facer, ¿cal é o futuro do ensino público? ¿e o do privado-concertado?

### Concurso Xeral de Traslados

Páx. 4

Previsións de corte no concurso de primaria 2003/2004

### O CXT e a Lingua Galega

Non se está a cumprir o Decreto 247/95: tan só se solicita competencia lingüística para Ciencias Sociais-Xeografía e Historia. Consensuar, denunciar, xudicializar..., é hora de escoller como facer xustiza coa lingua e cos falantes.

### Saúde laboral

A 8 anos da Lei estatal e a 6 do Acordo autonómico, a Xunta decídese a abordar cos representantes sindicais a creación dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral.

### STEG, V Congreso: pola Escola Pública Galega

O STEG ven de abrir unha nova xeira despois do seu Congreso de Lugo.

# Quen defende o ensino público

## Resumo do acordo

O acordo consta de varios puntos que a xeito de resumen din o seguinte:

**Primeiro.-** Analogía retributiva do persoal docente.

Infantil, especial e primaria: incremento de 133,16 €/mes en 14 pagas.

1º Ciclo da ESO: incremento de 225€/mes en 14 pagas.

2º Ciclo da ESO e FP específica: incremento de 155,98 €/mes en 14 pagas

**Segundo.-** Ampliación dos equipos docentes, co fin de garantir un ensino de calidade das ensinanzas obxectos dos concertos. Incrementase a ratio profesores/unidade ata chegar a 1,32:1 en primaria e a 1,52:1 na ESO.

**Terceiro.-** Aumento do concepto "Outros gastos".

Este concepto verase incrementado ata o 4% durante os próximos tres cursos.

**Cuarto.-** Orientación.

O financiamento dos servizos de orientación educativa incrementárase, a partir de setembro do 2003, en 1 hora/unidade concertada.

Este acordo rematará a súa vixencia o 31 de agosto de 2006.

## A nosa análise

### Primeiro: Analogía retributiva

Chama a atención a rapidez e facilidade con que se acadan os acordos retributivos na Concertada, se o compararmos coas dificultades e atrancos deste tipo de acordos na Pública, que se prolongan durante meses de negociación, en diversas mesas de representación e con resultados pouco alentadores. Imponse unha tendencia a considerar xa o profesorado da Concertada como empregados públicos, a todos os efectos. Se quixeran ser coherentes, sería preciso considerar tamén os centros concertados e as prazas e vacantes que nelas se xeneran como públicos tamén a todos os efectos.

### Segundo: Ampliación dos equipos docentes co fin de garantir un ensino de calidade na concertada

As patronais queren facer crer á opinión pública que os actuais módulos económicos dos concertos non abundan para garantir a gratuidade e a calidade do ensino, motivo polo que os titulares destes centros se verían obrigados a cobrar cuotas ás familias, isto é, a vulnerar o mandato da LODE de impartir de balde estas ensinanzas. As patronais están así a xustificar a súa práctica segregadora, por iso se permiten prescindir da súa responsabilidade a respecto da integración de alumnado con n.e.e. Ao mesmo tempo, piden máis

diñeiro para facer fronte á integración, á calidade e á gratuidade.

### Terceiro: Aumento do concepto "outros gastos"

A Consellaría presume de compromiso co ensino público, mais non pode xustificar que unha baixa se cubra na Concertada desde o primeiro día e na Pública nunca antes dunha semana. Aumenta na Concertada o capítulo de "outros gastos" e nos IES redúcense os orzamentos, péchanse, suprimense e desprázanse unidades e prazas, concertándoas na mesma proporción e nas mesmas localidades.

### Cuarto: Mellora en Orientación, unha hora por unidade concertada

Conséguese avances na Concertada para un servizo paralizado na Pública desde o mesmo momento da súa implantación, cando se instaurou unha mínima cobertura en centros de Secundaria: unha praza por centro, con independencia do número de unidades. Os Equipos de Orientación Específica incrementan a súa sobrecarga coa atención directa da rede concertada á que, en virtude deste tipo de acordos, deben acudir con premura, cando na Pública hai que agardar por eles durante meses.

## Cara a donde imos... a política privatizadora da Xunta

- Orde do 17 de setembro de 2003 pola que se lle autoriza a ampliación dunha unidade do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado María Assumpta de Noia (A Coruña).
- Orde do 19 de setembro de 2003 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro privado Fesán de Santiago de Compostela (A Coruña), para impartir-lo ciclo formativo de grao superior de animación sociocultural.
- Orde do 22 de setembro de 2003 pola que se lle autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado Salesiano San Juan Bosco da Coruña.
- Orde do 16 de setembro de 2003 pola que se lle autoriza a ampliación dunha unidade ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 23 de setembro de 2003 pola que se autoriza ó centro privado GAP de Ourense, para impartir-lo ciclo formativo de grao superior de xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos.
- Orde do 24 de setembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado Compañía de María da Coruña.
- Orde do 3 de outubro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 6 de outubro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 6 de outubro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 10 de outubro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 13 de outubro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 3 de novembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 7 de novembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 18 de novembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 19 de novembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 26 de novembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 1 de decembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 4 de decembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 9 de decembro de 2003 pola que se autoriza a ampliación de dúas unidades do segundo ciclo de educación infantil ó centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor do Porriño (Pontevedra).
- Orde do 17 de decembro de 2003 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro privado TIC de Lugo, para impartir-los ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais, radio e espectáculos e o de realización de audiovisuais e espectáculos.

E todo isto, no 1º trimestre do curso 2003/2004 !!

## Algunhas reflexións sobre os centros concertados

Coa desculpa da "liberdade de elección de centro", non se estará lexitimando a exclusión e segregación das clases máis desfavorecidas?

Se non se persigue rendemento económico, ¿por que a iniciativa privada non se instala nas zonas rurais e nos barrios marxinais?

Legal si é. Pero ¿é lícito o ti pagas e eu contrato a quen quero e instálome onde me interesa?

¿Podemos seguir permitindo que se pechen unidades da pública para ao día seguinte aumentar as concertadas na mesma localidade?

Impedindo os desdobres en moitas aulas de 3 anos, a que centros vai parar o alumnado que queda sen praza?

Se en todos os centros públicos se ofertase comedor e transporte...a demanda nos concertados sería a mesma?

¿Por que en Galicia, o 85,63% do alumnado emigrante, está escolarizado nos centros públicos?

Se o gasto en educación non se incrementa, e o ensino privado-concertado cada vez recibe máis dos fondos públicos, quen sae perdendo?



## O MECD fai oídos xordos ás demandas do profesorado interino *Negociación dun novo sistema de acceso?*

Nin é novo nin se negociou nada. Desde o Ministerio lanzouse un borrador do decreto de acceso que viría substituír o 850/1993. A pesar da insistencia do noso sindicato por mudar o sistema actual para garantir un acceso máis xusto á docencia, defendendo o emprego estable e respectando os intereses do colectivo de

Houbo unha clara oposición a abordar na Mesa o modelo de ingreso diferenciado que defendíamos, aínda como solución excepcional; no STEG consideramos a dobre vía unha solución tanto para os problemas do profesorado interino como para ofertar un acceso á docencia xusta a persoas desempregadas, evitando – polo demais – que o problema se presente de forma cíclica. A dobre vía significaría que as prazas que xa ocupa o profesorado interino se ofertaran a este colectivo docente, saíndo a quenda libre as vacantes producidas por xubilacións ou nova creación. Os representantes do MECD, parapetados tras escusas técnicas non razoadas, optaron por manter un simulacro de diálogo arredor de cuestións que en nada van modificar a situación actual. A experiencia docente, tan valiosa, seguirá sendo un elemento residual do baremo; as probas da oposición seguirán sendo eliminatorias e as novidades máis reseñables, como a convocatoria específica para o rexurdido corpo de catedráticos, levan o cruño reaccionario da LOCE, co que, lonxe de avanzar nalgunha dirección, a situación empeora.

Houbo, ademais, outras demandas desoídas na mesa negociadora, como por exemplo, o aumento da experiencia docente nas baremacións ou a redución do temario. Ante as reiteradas negativas da Administración, a Confederación de STEs defendeu ante o MECD a necesidade de regular unha convocatoria extraordinaria de acceso do profesorado con servizos previos, posibilidade que o Ministerio se comprometeu a discutir. O STEG proseguirá demandando un cambio no modelo de acceso, necesidade que fica reflectida no recente informe do "Defensor del Pueblo", no que se constataba a precaria situación laboral que padecen unhas 80.000 profesoras e profesores que traballan para o sistema educativo. Un colectivo amplo dabondo como para que se teña en conta.

profesorado interino, o Ministerio non mudou un ápice a súa proposta, dando por concluído todo un proceso que modifica a norma básica sen afrontar o problema da precariedade e inestabilidade laboral que afecta ao 25% do profesorado de todo o Estado.

Desde o STEG estamos en contra da precarización do emprego no ensino, o que inclúe as medias xornadas que están a proliferar na actualidade.

Denunciamos o falseamento que moitos tribunais fan do proceso de concurso-oposición, aprobando só o mesmo número de persoas que prazas asignadas teñen, impedindo deste xeito que se poida realizar a fase de concurso.

Por todo isto convocamos folga en solitario e concentración diante do MECD o pasado decembro, no momento preciso en que era posible facer oír estas propostas e modificar o decreto. Entregamos as nosas reivindicacións, e seguimos loitando por atopar solucións axeitadas. Non é un tema sinxelo, pero si crucial para a calidade do ensino e a defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores en activo e desempregados. Emprazamos ao resto de sindicatos representativos, así como aos colectivos afectados, para unificar posturas

e continuar traballando a prol de fórmulas de estabilidade laboral en tanto non aparezan solucións máis definitivas.



### AS OPOSICIÓNS SORPRESA !!

As últimas novas son que as oposicións 2004 se van rexer polo novo decreto (aínda sen publicar) pero cos temarios antigos, (desaparecendo o exame da parte B). Cales serán as derradeiras sorpresas?. Algunha comunidade como Catalunya ven de convocar as oposicións polo Decreto 850/93 aínda en vigor. Que farán outras comunidades?.

Queda claro o pouco que as administracións acreditan no sistema de selección de persoal que defenden, cando deixan a maior parte do proceso á improvisación e manteñen temarios deseñados para un sistema que xa derrogaron.

### Esquema do proxecto do novo sistema de acceso

1º PARTE	Desenvolvemento dun tema por escrito, electo entre 2. Terá unha duración de 2 horas e a súa nota representará o 70% da nota desta proba.
2º PARTE	Contestación por escrito dun número de cuestións prácticas (sen determinar). En especialidades con xeitos instrumentais ou técnicas esta parte será práctica. A nota representará o 30% da nota desta proba.
Esta proba é eliminatoria e valorarase de 0 a 10 puntos, debendo atinxir o aspirante para a superar unha puntuación mínima	
2ª PROBA . Sobre comprobación da actitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes.	
1º PARTE	Presentación dunha programación didáctica na que se especificará: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, transversais e atención á diversidade
2º PARTE	Exposición oral de 1 hora e debate ante o tribunal durante 30 minutos, ben dunha unidade didáctica da programación presentada, ou dun tema electo polo aspirante entre 3. Esta parte terá un tempo de preparación de 2 horas. En Música e Artes Escénicas o aspirante impartirá unha clase na que mostrará o seu aptitude pedagóxico e haberá un debate posterior. O opositor escollera 1 tema entre 2. Esta parte terá un tempo de preparación de 2 horas.
A proba é eliminatoria e valorarase do 0 a 10, debendo acadar para superala unha puntuación igual ou superior a 5. A nota	
FASE CONCURSO	
Aplicarase aos aspirantes que superasen a fase oposición.	
A ponderación das puntuacións das fases oposición e concurso para a puntuación global será de 2/3 para a fase oposición	
FORMACIÓN ACADÉMICA. Valorarase entre 3 e 4 puntos.	
Expediente	Ata 2 puntos
Doutorado	2 puntos
Outras titulacións (diplomatura)	1 punto
Outras titulacións (licenciatura)	2 puntos
Titulacións de ERE's	0'5 puntos
EXPERIENCIA DOCENTE.	
Valorarase entre 3 e 4 puntos. Terase en conta un máximo de 10 anos, cada un dos cales deberá ser valorado en un só	
Cada ano nun mesmo nivel e especialidade en Centros Públicos 0'4 puntos	
Cada ano nun mesmo nivel e especialidade en outros centros 0'2 puntos	
Cada ano de distinto nivel e especialidade en Centros Públicos 0'2 puntos	
Cada ano de distinto nivel e especialidade en outros centros 0'1 puntos	
OUTROS MÉRITOS	
Valoraranse entre 2 e 4 puntos, serán determinados nas convocatorias.	
Serán especificados nas distintas convocatorias	
A suma das puntuacións asignadas nas convocatorias a estes tres bloques da fase concurso será de 10 puntos.	

# Concurso Xeral de Traslados

## Previsións de corte no concurso 2003/2004

<b>Infantil (31)</b>	245 vacantes. 211 provisionais anteriores a oposición do 2001, polo que dependendo do nº de prof. suprimido que acade vacante, o máis probable e que entre xente da <b>oposición do 2001</b>
<b>FI (32)</b>	91 vacantes. Acadan destino, todas as persoas da oposición do 95, todas as da oposición do 96 e entra xente da <b>oposición do 97</b>
<b>FF (33)</b>	23 prazas. Entran persoas da <b>oposición do 98</b>
<b>EF (34)</b>	29 vacantes. Hai 28 provisionais da oposición do 98 co que incluso podería entrar alguén da <b>oposición do 99</b>
<b>EM (35)</b>	22 vacantes. Acadan destino practicamente todas as persoas da <b>oposición do 97</b>
<b>PT (36)</b>	20 vacantes. Ano de corte, <b>oposición do 98</b> (hai 25)
<b>AI (37)</b>	65 prazas. Pode entrar xente da <b>oposición do 2001</b>
<b>EP (38)</b>	227 vacantes. Acadan destino as 85 persoas sen especialidade LOXSE máis todas as persoas das oposicións anteriores a do 98 que non o acaden pola súa especialidade e entra xente da <b>oposición d 199</b> das especialidades de FI, FF, EM e PT

Todos estes cálculos, están feitos sen ter en conta os destinos acadados polo profesorado suprimido, polo que son orientativos. Por exemplo, se hai 70 persoas suprimidas que acaden destino por primaria, a oposición de corte sería o ano 97 no canto do 98. O mesmo pode suceder con EI e outras especialidades. Pero como se entenderá, este dato non é previsible.

Por outro lado, tamén pode haber modificacións dependendo das variacións que sufran as vacantes cando saian as definitivas.

## O CXT e a Lingua Galega

O Concurso de traslados non cumpre o Decreto despois da súa publicación. Debemos tomar a de Normalización Lingüística no Ensino, 9 anos nosa lingua en serio, dunha vez por todas.

Durante o mes de xaneiro a Mesa pola Normalización Lingüística está a facer denuncias á inspección e inspectoras polo incumprimento do Decreto 247/1995, no que se desenvolve a Lei de Normalización Lingüística para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. O STEG, que xunto coa MNL e outros sindicatos e movementos de renovación pedagóxica, ven participando na Plataforma polo Ensino en Galego dende a súa constitución e foi nesta plataforma na que se valorou e apoiou esta iniciativa da MNL que agora se presenta.

No que respecta ao CXT o STEG trasladou á Plataforma polo Ensino en Galego a súa preocupación porque unha vez máis non se cumpriuse o Decreto 247/1995 e unicamente se

solicítase competencia lingüística ao profesorado de Ciencias Sociais e non se solicitase para o resto de materias afectadas polo referido decreto. Non era a primeira vez que isto acontecía nin a primeira vez que o STEG denunciaba esta situación, que efectivamente se vai agravando a medida que o tempo transcorre e seguimos lonxe de cumprir un decreto de mínimos e o que é máis grave, mentres os estudos sociolingüísticos mostran como a escola participa no proceso de perda de galegofalantes.

A proposta do STEG foi presentar unha demanda contencioso-administrativa contra o CXT por incumprimento do Decreto 247/1995, que sería un proceso paralelo ás denuncias da Inspección Educativa que realiza a MNL. Despois de valoralo en repetidas xuntanzas da Plataforma, as organizacións que a conforman decidiron non apoiar

esta iniciativa argumentando diferentes razóns, que en moitos casos tiñan máis de xustificación que de motivación.

Nesta situación o STEG non viu procedente presentar en solitario a demanda, por entender que a lingua precisa tanto de accións decididas como de consensos, pero non renunciámos a que a lingua no ensino sexa un obxectivo prioritario no noso modelo de Escola Pública Galega. Por eso, este ano que iniciamos non deixaremos de promover iniciativas a prol da lingua, sexa na Plataforma polo Ensino en Galego, sexa directamente nos centros educativos e por suposto, diante da Consellería de Educación. A primeira solicitar unha entrevista co Director Xeral de Educación e co servizo xurídico para que nos aclaren porque o CXT mantén esta eiva e mostra tan escasa vontade política a respecto

## Saúde laboral

¿Corremos riscos nos nosos postos de traballo? ¿Traballamos en sitios seguros? ¿Pode o noso traballo e as súas características menguar a nosa saúde física e mental? Velequí boas preguntas nas que, en xeral, non paramos a pensar todo o que debemos.

O STEG leva anos desenvolvendo unha campaña propia en prol do recoñecemento das enfermidades propias do amplo eido do ensino. Deste xeito, o chamado "burn out" ou síndrome de estar queimado, o estrés, a depresión, as enfermidades músculo-esqueléticas e os nódulos nas cordas vocais, veñen causando baixas cada vez máis numerosas entre as traballadoras e os traballadores do ensino sen que isto conleve un estudio serio para a súa identificación, prevención e tratamento por parte da Administración.

A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, no artigo 34, establece o dereito das e dos traballadores a participar en cuestións de prevención dos riscos no traballo na súa empresa. As e os delegados de prevención e os Comités de Seguridade e Saúde Laboral serían pois os mecanismos de participación no eido da prevención.

En xaneiro de 1998 publicouse no DOG o "Acordo sobre dereitos de participación do persoal ó servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais".

Se ben é certo que nos últimos meses este tema está en negociación, tamén é que, a día de hoxe, seis anos despois, a Administración aínda non foi quen de levar á práctica dito acordo, deixando á súa sorte a escasa calidade e seguridade dos nosos postos de traballo.

Agardemos que neste ano 2004 cheguen a bo porto as negociacións e se creen por fin os Comités de Seguridade e Saúde Laboral, destinados a coidar que a nosa calidade de vida laboral mellore notablemente, e que con ela gañemos

## STEG, V Congreso: pola Escola Pública Galega

Medio cento de persoas participaron nas sesións deste congreso o pasado mes de novembro en Lugo. Analizamos asembleariamente a renovación levada a cabo nesta última xeira, así como o traballo feito e o que non fomos quen de facer aínda nos catro anos transcorridos. A expansión a todas as circunscripcións educativas galegas; a acción sindical en Secundaria, sector educativo cada vez máis maioritario e do que nos alonxa a pouca tradición sindical acumulada. Os sistemas de información e a necesidade de seguir a ofrecer unha web á altura das circunstancias, que sirva ademais como taboleiro de presentación das nosas actividades. A colaboración máis estreita, implicadora, dinámica e imaxinativa por parte de afiliación e simpatizantes, no convencemento de que canta máis xente decida o que facer máis seguros estaremos dos nosos actos, canta máis xente participe na organización maior será a nosa independencia. Os lazos coa Confederación de STEs-intersindical, un xeito de agrandar a nosa organización e de lle facer fronte aos problemas e ameazas en Educación, cada vez máis globalizados.

Velaquí algúns dos asuntos deste Congreso, no que foron convidadas todas as organizacións sindicais e movementos de renovación pedagóxica do país, así como a Mesa pola Normalización Lingüística e o Colectivo Areanegra.



# STEG

web: [www.stegsindicato.org](http://www.stegsindicato.org)

E-mail: [steg@stegsindicato.org](mailto:steg@stegsindicato.org)

Sedes:

**A Coruña-Santiago**  
Avda. Rosalía de Castro, 29  
Gal. Belén, local 209  
15706 Santiago  
Tfno. 981591939  
[corunha@stegsindicato.org](mailto:corunha@stegsindicato.org)

**Lugo**  
r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B  
27001 Lugo  
Tfno. 982240066  
[lugo@stegsindicato.org](mailto:lugo@stegsindicato.org)

**Ourense**  
r/Sto Domingo, 60.  
Galerías Xesta, entrecán, local 1  
3005-Ourense  
Tfno. 988252323  
[ourense@stegsindicato.org](mailto:ourense@stegsindicato.org)

**Pontevedra**  
r/Xeral G. Mellado, 3  
Galerías Oliva, 1-3º  
36001 Pontevedra  
Tfno. 986857545  
[pontevedra@stegsindicato.org](mailto:pontevedra@stegsindicato.org)

**Confederación STEs-i**

web: [www.stes.es](http://www.stes.es)

E-mail: [stes@stes.es](mailto:stes@stes.es)